

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa ao dispositivo de seguridade policial para as eleccións municipais.

Exposición de motivos

Os sindicatos policiais veñen de coñecer a previsión do dispositivo de vixilancia policial para cubrir a xornada electoral do día 24 de maio no noso país. Esta previsión contén aspectos que son rexeitados polo colectivo policial. O operativo establécese a partires do oficio da Dirección Adxunta Operativa (DAO), do 6 de maio, oficio que sendo semellante ao de outras xornadas de eleccións vai ser aplicado doutra maneira, lesiva para o colectivo de policía afectado.

Sobre a premisa incontrovertible da falla de plantilla suficiente para aplicar a letra do devandito oficio, a previsión para esta xornada electoral será a de realización de xornadas de traballo que nalgúns casos excederán as 12 horas, con presenza fixa nos colexios electorais, cando en anteriores ocasións a aplicación práctica deste oficio supuña servizos de 4 horas dinámicos. Esta situación vai afectar tanto ás persoas que integran o corpo da policía (CPN) como ás da UPA, a unidade da policía autonómica. Descoñecemos a xustificación de semellante alteración.

A situación real das plantillas, a súa escaseza, provoca un amplo abano de cuestións conflitivas, por exemplo que nalgúns casos non sexa materialmente posible facer efectiva esa presenza fixa nos colexios. Esa situación de falla de persoal vai dar lugar a problemas para conciliar a xornada laboral e a vida familiar. Presenza fixa policial nos colexios que se converte en excesiva por innecesaria.

A falta de plantilla suficiente vai pór atrancos a aquelas persoas que teñan que se desprazar para poder exercer o seu dereito de voto, cunha secuencia de ate 4 desprazamentos na mesma xornada cun claro alongamento da xornada de traballo.

A aplicación deste oficio vai dar pé a un evidente exercicio discriminatorio entre compañeiros por que uns van percibir a retribución extraordinaria e outros non malia desempeñar a mesma tarefa. Semella razoable que se inclúa no dispositivo electoral a todo o persoal funcionario que realice as quendas rotatorias do servizo ordinario o día 24 de maio e máis do persoal nomeado para atender o servizo de incidencias.

Vaise dar un rego de incidencias vinculadas á loxística do operativo toda vez que se quere aplicar unha directriz pensada para plantillas grandes e procesos cunha maior conflitividade.

Polo sinalado, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que se dirixa ao goberno central para que garanta un servizo específico nas ODAC (oficinas de denuncias e atención á cidadanía) e nos grupos de atención á cidadanía respecto dos posibles incidentes que poidan acaecer na xornada electoral.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a se dirixir ao goberno central para que se aplique o oficio da DAO da mesma maneira que nos procesos electorais anteriores ao dos 24 de maio, de maneira que se eviten xornadas laborais excesivas e inxustificadas e a necesaria preservación da conciliación laboral-familiar das persoas que integran o CPN e a UPA?

En Compostela, a 18 de maio do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/05/2015 12:22:35